



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
7585/2025	A Xunta de Goberno Local	10/11/2025

ELEUTERIO PENA LAMAS EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 7585/2025. APROBACIÓN DE BASES E SELECCIÓN PARA POSTERIOR CONTRATACIÓN DE UNHA PERSOA TRABALLADORA PEOA XARDINEIRA (URXENCIA)

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Por resolución de data 28/10/2025 concedeuse ao Concello de Cangas a axuda solicitada para a contratación por un período de 9 meses a xornada completa de 1 persoa traballadora Peoa xardineira ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

Comunicada a resolución de concesión procedeuse a iniciar o proceso de selección de acordo co previsto no artigo 29 da orde reguladora citada.

Segundo o previsto na amentada orde a selección e contratación debera estar rematada de tal xeito que antes do vindeiro 30 de novembro de 2025 o Concello presente a documentación xustificativa prevista nos artigos 17 e 32 daquela.

Visto o estado de tramitación do expediente, trasladadas as bases á representación sindical e incorporados os informe da Intervención municipal de data o 07/11/2025 e Secretaría Municipal de 06 /11/2025.

Respecto a estes, en atención ás observacións efectuadas cómpre significar que segundo o establecido no apartado 7 do artigo 29 da orde reguladora da subvención:

“7. Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que *busca incrementar a empregabilidade das persoas mozas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de*





ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.”. Do que resulta que non procede a aplicación dos preceptos que tanto no informe de Secretaria como de Intervención se efectúan con referencia a ese tipo de normativa, así as observacións sobre publicidade, temario, probas que se inclúen nos devanditos informes.

Respecto a observación efectuada pola Intervención relativa a proba de galego, as bases inclúen cumpren co previsto no artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia ao prever un exame de galego nos termos do previsto no citado artigo, establecendo de acordo con ese artigo o carácter non eliminatorio da proba. A contratación que se pretende acometer como se sinala nas bases resultan do outorgamento dunha subvención de fomento de emprego, o que motiva o seu carácter extraordinario, que se dirixa exclusivamente a persoal desempleado coas características requiridas polo outorgamento da subvención e que formalizará a súa instancia de acordo co tramite derivado da preselección e a previsión da modalidade contractual que figura nas bases. Igualmente cabe sinalar que a urxencia e necesidade veñen determinadas polo exposto na orde reguladora da subvención, cando fixa tanto a necesidade de actuar fronte ao desemprego.

Polos motivos expostos procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal proposto, levantando o reparo suspensivo formulado por Intervención.

A aprobación de convocatoria e bases corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto desta Alcaldía núm. 2023-1299 do día 29.06.2023. Tendo en conta o prazo outorgado para a formalización da contratación da persoa seleccionada e a periodicidade das sesións deste órgano cómpre acometer canto antes a súa aprobación.

Xa que logo, visto canto antecede procede adoptar o seguinte

Vista a proposta de resolución PR/2025/2540 de 10 de novembro de 2025.

RESOLUCIÓN

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

”PROPOSTA DE RESOLUCION

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención en base á motivación exposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que literalmente din:

<<BASES PARA A SELECCIÓN DUNHA PERSOA TRABALLADORA PEOA XARDINEIRA AG ABEIRO DA ORDE DO 13 DE AGOSTO DE 2025 POLA QUE SE APROBAN AS BASES





REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 - 2027, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación dunha persoa traballadora PEOA XARDINEIRA, grupo de clasificación profesional V, en base a subvención outorgada ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 160 do 22 de agosto de 2025).

A contratación, segundo o establecido no artigo 30 da citada Orde, será de carácter laboral e temporal a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, coas cláusulas específicas de contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (código 406). cunha duración de contrato de 9 meses a contar desde a data da súa sinatura, cun salario bruto mensual de 1.810,03 euros, incluída a parte proporcional das pagas extras, segundo a valoración incorporada ao expediente de solicitude de subvención.

A persoa traballadora contratada desenvolverá as funcións propias dun peón/ peoa xardineiro, debendo usar a ferramenta e maquinaria propias desta ocupación segundo se lles indique e autorice por parte das persoas responsables dos respectivos servizos. En particular, deberán empregar rozadoiras (desbrozadoras) cando así se lle requira, sen prexuízo de que en calquera caso deba darse cumprimento ás esixencias da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais. Non poderán empregar motoserras.

Coas persoas aspirantes que tendo superado o presente proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase unha listaxe de agarda para cubrir as baixas ou renuncias que no seu caso se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, realizándose os chamamentos segundo a orde na que queden situados os aspirantes de acordo coa súa en puntuación total acadada.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) ata o día hábil anterior á realización da proba de selección co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases.





O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a sede electrónica do Concello serán igualmente os medios para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que se deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

SEGUNDA.- CONDICIÓN E REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas á realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán cumprir con carácter xeral con todos os requisitos e condicións establecidos na Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 e en particular reunir os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.*
- b) Titulación requirida: non se require titulación académica para o posto a seleccionar.*
- c) Non ter sido despedida mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos público por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido /sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.*
- d) Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, 29 anos (art. 29 da Orde reguladora da subvención)*
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.*
- f) Ser persoas desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, sendo remitidas por este servizo para participar neste proceso selectivo, segundo o establecido na Orde (art. 29.3)*
- g) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- h) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.*





Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- SOLICITUDES E PRAZO DE ADMISIÓN

O Concello de Cangas solicitará as persoas traballadoras desempregadas acordes ao perfil a seleccionar segundo o establecido no artigo 29, en particular apartados 3 e 4 da Orde, mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Cangas, que realizará as sondaxes de demandantes aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a ela, convocándoos así mesmo a unha reunión no Concello de Cangas na que se lles facilitará información sobre a convocatoria e o modelo de instancia que deberán presentar para solicitar a súa participación no proceso selectivo.

As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude no modelo de instancia indicado, que en todo caso deberá ser presentado no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello con data límite a do día na que se realice a mencionada reunión. As persoas aspirantes que formalicen a súa solicitude de participación constituirán a listaxe de persoas admitidas para participar no proceso selectivo.

As persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego de Cangas que non entreguen a súa instancia de participación, debidamente cuberta en todos os seus apartados e no prazo máximo que ven determinado polo día no que se realice a mencionada reunión, entenderase que non participan no proceso selectivo.

Este modelo de instancia inclúe unha declaración pola que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego de Cangas no caso de que non se acade un mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria e os establecidos nas presentes bases e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Coas instancias cumprimentadas e entregadas polas persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego aprobarase pola Presidencia da Corporación a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello e na sede electrónica do Concello. As persoas aspirantes disporán dun prazo





de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da mencionada listaxe provisional, para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público na listaxe definitiva, que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello. O feito de figurar incluído na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ás interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen a proba selectiva.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécese unha comisión de selección ou tribunal cualificador para a selección das persoas aspirantes segundo o previsto nas presentes Bases e na normativa que resulte de aplicación. Este tribunal xulgará as probas, supervisando e garantindo o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros titulares (ou no seu caso dos seus suplentes), debendo estar presentes ao menos as persoas designadas como presidente/a, secretario/a e un vogal.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

As persoas que compoñan o tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, as persoas aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal publicarase formando parte da resolución pola que se aprobará a listaxe de admitidos e excluídos.

O Tribunal poderá contar coa colaboración de un/unha asesor/a externo de consideralo oportuno, actuando con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súa especialidade técnica.

O Tribunal constituírse con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases, a convocatoria do seu presidente. De producirse algunha baixa na Composición do Tribunal esta poderá ser cuberta cos suplentes designados ou optarse por ser completado mediante unha nova designación a través dunha resolución da Alcaldía.

SEXTA.- PROBAS SELECTIVAS, PROGRAMA, ORDE DE PARTICIPACIÓN E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

As persoas aspirantes serán convocados para o inicio no día, hora e lugar para o que fosen citados na resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.





A orde de actuación das persoas aspirantes seguirá o determinado para a administración autonómica por resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 21/01/2025 (DOG de 24/01/2025) comezando por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra <<F>>.

As probas da oposición serán as seguintes:

PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/a do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal por escrito ou oralmente relativos ás técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas, maquinaria e prevención de riscos laborais relacionados coa ocupación.

A proba virá formulada en idioma galego debendo aquelas persoas que queiran realizalo en castelán facelo constar expresamente na instancia de participación que presenten.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega das persoas aspirantes.. Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes. que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, que están en posesión do certificado en Lingua Galega – nivel 1 (CELGA 1) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación, recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

As persoas aspirantes serán convocados para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídas do proceso as que non comparezan.

Todas as persoas candidatas que concorran á realización da proba deberán ir provistas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

SÉTIMA.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición (test e galego). No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase polo tribunal en primeiro lugar atendendo a puntuación na proba de coñecementos prácticos, de persistir o empate este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no punto 6, do artigo 29 da Orde reguladora da subvención, en base aos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego e cos que conte o Concello e, de ser preciso, cunha declaración xurada que deberán presentar os





aspirantes empatados, a requirimento dos membros do Tribunal. Estes criterios valoraranse pola orde que figuran no citado apartado ata desfacerse o empate, e de persistir este desfárase por sorteo.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano competente a correspondente proposta de contratación.

No momento de formalizar o correspondente contrato, a persoa proposta deberá estar en disposición de ser contratada e deberá cumprir con todos os requisitos e obrigas establecidos nas presentes bases, así como na citada Orde e demais normativa que lle resulte de aplicación.

OITAVA.- LISTAXE DE AGARDA

O tribunal incluírá na súa proposta unha lista de agarda, que estará constituída por todas as persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo e non obtiveran a praza convocada, ordenados pola puntuación total acadada no proceso selectivo. Esta listaxe servirá para cubrir as baixas ou renuncias que no seu caso se poidan producir.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación, considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

NOVENA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local que convoca o proceso, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que no seu caso poidan xurdir, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos de carácter persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

UNDÉCIMA.- NORMA FINAL





As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.>>

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta de acordo transcrita.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese o presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

